

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARRAL

Aprobación da lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo dunha praza de técnico/a de educación (estabilización), nomeamento dos membros do tribunal e data da primeira sesión do tribunal

ANUNCIO

Mediante decreto da alcaldía 492/2024, do 19 de novembro de 2024, **RESOLVEUSE:**

PRIMEIRO.- aprobar a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha praza de técnico/a de educación (grupo III do persoal laboral fixo) como segue:

Relación definitiva de persoas admitidas:

INTERESADOS	DNI	EXENTO GALEGO
Cabanas Lozano, Beatriz	***1625**	SI
Cambón Loureiro, Patricia	***0856**	SI

Relación definitiva de persoas excluídas:

INTERESADOS	DNI	CAUSA EXCLUSIÓN DEFINITIVA
Perdiz Álvarez, Miguel	***6291**	Non presenta o anexo I nin pago de taxas

SEGUNDO.- Nomear ao tribunal cualificador do proceso selectivo coa seguinte composición, o cal debe facerse público aos efectos previstos nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público:

Presidenta	Titular: D ^a Sonia Campos Ares, técnica de Administración Xeral do Concello de Carral. Suplente: D ^a Noemí González Mato, interventora do Concello de Carral.
Secretaria	Titular: D ^a Rebeca Vázquez Vázquez, secretaria do Concello de Carral. Suplente: D ^a Silvia Aramburo Vázquez, tesoureira do Concello de Carral-Bergondo-Abegondo.
Vogais	Titulares: D ^a M ^a Isabel Carro González, técnica de orientación laboral do Concello de Abegondo. D ^a Mónica Regueira Arijón, educadora familiar do Concello de Cerceda. D ^a Belén Viqueira Tasende, técnica local de emprego do Concello de Cerceda. Suplentes: D ^a Nuria Aradas Carollo, traballadora social do Concello de Carral. D ^a Dolores Parada Yáñez, traballadora social do Concello de Culleredo. D ^o José Manuel Rodríguez Costa, AEDL do Concello de Cerceda.

TERCEIRO.- Fixar para o vindeiro 25 de novembro de 2024, ás 13:00 horas, no salón de plenos da Casa do Concello de Carral, a primeira sesión do tribunal cualificador (constitución). A continuación procederase á valoración da fase de concurso.

CUARTO.- Publicar a parte resolutiva deste decreto no boletín oficial da provincia e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carral sito na páxina web.

QUINTO.- Contra a presente resolución poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición perante a alcaldía no prazo dun mes ou ben recurso contencioso-administrativo perante o xulgado contencioso-administrativo no prazo de dous meses, en ambos casos o prazo contarase dende o día seguinte ao da publicación desta resolución no boletín oficial da provincia. O feito de figurar na relación de admitidos/as non prexulgará que se lles recoñeza aos/ás aspirantes o cumprimento dos requisitos esixidos. Cando da documentación a presentar unha vez superado o proceso selectivo se desprenda que non cumpran algún dos requisitos, os/as aspirantes decaerán en todos os seus dereitos que puideran derivarse da súa participación no procedemento.

Carral, 19 de novembro de 2024

O alcalde

Francisco Javier Gestal Pose